

Procedemento de solicitude e de matrícula en módulos profesionais de ciclos formativos de grao medio e superior da oferta modular (modalidade presencial e a distancia) Curso 2026-2027

O alumnado interesado en cursar, o vindeiro curso, módulos profesionais da oferta modular, tanto da modalidade presencial como a distancia, deberá someterse a un novo procedemento de admisión, igual que si se empezara de novo no centro.

Para tal fin, deberá:

- Presentar unha solicitude de admisión:
Deberase cubrir unha única solicitude por cada grao (medio ou superior) e para cada modalidade (presencial ou semipresencial e a distancia) no que se desexe participar, utilizando o asistente informático que estará dispoñible no enderezo web www.edu.xunta.gal/ciclosadmission. A aplicación avisará no caso de que fose necesario achegar documentación, que poderá engadirse en soporte electrónico. Non será necesario presentar o resguardo da solicitude nin a documentación nun centro, agás que a aplicación indique que para ser unha solicitude válida terá que ser entregada, xunto coa documentación necesaria, nun centro educativo con oferta de FP sostida con fondos públicos, para ser selada, datada e validada.
 - Prazo de solicitude: do 15 xuño ás 09:00 horas ao 30 xuño ás 13:00 horas.
 - Comprobar que a súa solicitude estea correctamente recollida na resolución provisional de solicitudes.
 - Publicación o 3 de xullo no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp.
 - De non ser así: poderá presentar unha reclamación do 3 de xullo ás 09:00 horas ata as 13:00 horas do 7 de xullo.
 - Comprobar que figura na resolución definitiva de solicitudes.
 - Publicación o 10 de xullo no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp.
 - Comprobar que está adxudicado:
 - Publicación da 1ª adxudicación o 10 de xullo no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp.
 - Publicación da 2ª adxudicación o 20 de xullo no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp.
 - Publicación da 3ª adxudicación o 27 de xullo no enderezo web www.edu.xunta.gal/fp.
- Nas datas establecidas, poderase consultar a situación individual das resolucións provisionais e definitivas de persoas solicitantes, así como a relación de persoas admitidas e en espera, no enderezo web www.edu.xunta.gal/ciclosadmission.
- Para a consulta da situación individual pódese usar o DOI e o código da solicitude, usuario e contrasinal de edu.xunta.gal, chave 365 e certificado dixital.
- Formalizar a súa matrícula:
 - Documentación:
 - Reserva de matrícula a través da aplicación web www.edu.xunta.gal/ciclosadmission, ou impreso dispoñible en conserxería. Para o alumnado da modalidade presencial, ademais da reserva, será obrigatorio entregar na secretaría do centro unha única solicitude de matrícula.
 - Xustificante de pago do seguro escolar:
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca (só menores de 28 anos).
 - Prazo de matrícula (1ª adxudicación): do 10 de xullo ás 09:00 horas ao 15 de xullo ás 13:00 horas.
 - Prazo de matrícula (2ª adxudicación): do 20 de xullo ás 9:00 horas ao 23 de xullo ás 13:00 horas.
 - Prazo de matrícula (3ª adxudicación): do 27 de xullo ás 9:00 horas ao 29 de xullo ás 13:00 horas.



Alumnado que teña módulos profesionais superados de cursos previos poderá optar por:

- a) **Seguir no plan de estudos anterior, sen ter que cursar novos módulos**, podendo solicitar matrícula en calquera dos módulos ofertados no centro e que no seguinte documento figuran no grupo A. Neste caso, ademais:
- De non ter superado previamente o módulo de FOL (Formación e orientación laboral), pode solicitar a matrícula no módulo de IPE I (Itinerario profesional para a empregabilidade I). A cualificación obtida en IPE I trasladarase ao módulo de FOL.
 - De non ter superado previamente o módulo de EIE (Empresa e iniciativa emprendedora), pode solicitar a matrícula no módulo de IPE II (Itinerario profesional para a empregabilidade II). A cualificación obtida en IPE II trasladarase ao módulo de EIE.
- b) **Incorporarse ao novo plan de estudos, cursando adicionalmente os novos módulos**, podendo solicitar matrícula en calquera dos módulos ofertados no centro e que no seguinte documento figuran no grupo A+B: www.edu.xunta.gal/fp/webfm_send/11301

Alumnado que teña pendente de superación unicamente a formación en empresa e/ou o módulo de Proxecto intermodular

Este alumnado poderá formalizar a súa matrícula para estes módulos, sempre que non teña esgotado o número máximo de convocatorias. Para tal fin deberá presentar unha solicitude de reserva de praza, a presentación da solicitude terá consideración de matrícula:

- Documentación:
 - Impreso de solicitude de admisión a ciclos formativos de grao medio e de grao superior no réxime ordinario en centros sostidos con fondos públicos. (dispoñible en conserxería).
 - Xustificante de pago do seguro escolar
O alumnado deberá aboar 1,12 € na conta ES90 2080 0314 3130 4001 3224 de Abanca. (só menores de 28 anos).
- Prazo de solicitude: do 22 xuño ás 09:00 ao 10 xullo ás 13:00 horas.

Toda a información ao respecto está publicada en www.edu.xunta.gal/fp/ven-fp e en www.edu.xunta.gal/ciclosadmisión.